

Crebar o silencio

Azucena Arias Correa

Outubro de 2007

Briana acaba de aterrar no aeroporto de Vigo. Ela sempre quixera viaxar a Galicia, mais nunca pensara que sería por un motivo diferente ao de facer turismo.

Era unha tarde temperada de outono e a esas horas xa se puxera o sol. Non se moveu do seu asento, sabía por experiencia que era mellor agardar tranquilamente, erguerse e saír ao corredor significaba permanecer de pé e con incomodidade ata que o persoal de voo abrise as portas. En cada viaxe sempre había xente que se erguía mesmo antes de que o sinal luminoso do cinto se apagase, non se sabe ben se pensando en saír máis rápido, facer tapón, levar a contra á tripulación de cabina ou simplemente estalicar as pernas.

Ollou cara ao ceo a través do portelo, o sorriso da lúa semellaba darlle a benvinda.

—Ogallá sexa o presaxio de que todo vai ir ben —pensou.

Algo máis de catro horas antes entraba na zona de embarque do aeroporto de Lyon resignada a que, como cada vez que viaxaba, lle pedisen baleirar a mochila.

Unha vez mesmo preguntara o motivo, a resposta “ao azar” non lle parecera real, se a elección era ao chou, como podía ser posible que sempre lle tocara a ela? Mesmo pensou que podía deberse á súa faciana ou a que os seus xestos puidesen resultar sospeitosos, mais por moito que se examinou diante dun espello non atopou ren que fixese desconfiar.

Trousou todo nunha das bandexas (documentación, carteira, tarxetas de crédito, chaves, ordenador portátil e móbil cos seus cargadores,

reservas de hotel, reloxo, barra de labios, unha muda de roupa interior, unha camiseta, un bolígrafo, unha guía de viaxe, unha memoria USB, unhas cartas...). Volver gardalo como estaba era imposible, sabíao, xa acomodaría todo ben cando chegase á hospedaxe. A súa única preocupación era meter todo na mochila e, sobre todo, que lle coubese, estaba conmocionada por deixar parte da súa intimidade alí sobre a mesa diante de toda a xente que a miraba cunha mestura de conmiseración e sospeita. Camiñou con toda a dignidade que puido ata a pasarela de embarque correspondente e sentou na sala próxima.

—Xa pode desembarcar pola porta dianteira... —indicáronlle amablemente.

—Ah, perdoo —volveu á realidade—. Estaba despistada...

Con moita calma colleu a mochila, saíu do avión e dirixiuse cara á planta baixa da terminal, se todo ía ben, en poucos minutos podería recoller a equipaxe. Xa non se puña nerviosa se a súa maleta non chegaba axiña pola cinta transportadora, centos de viaxes déranlle vivencias suficientes para ter sempre plan B.

A saída do aeroporto fíxose con bastante celeridade, non tiña que pasar pola alfândega nin amosar o pasaporte no portelo da oficina de inmigración.

Dirixiuse á parada de taxis, amosoulle o enderezo á taxista:

—Tardaremos moito en chegar ao hotel? —preguntoulle.

—Non moito. Iremos pola autoestrada. A vila está a uns corenta minutos de aquí. Vén vostede para participar na escavación

arqueolóxica? Hoxe tocoume levar a persoas de diferentes países que viñan para traballar nas ruínas do castro descuberto recentemente nesa vila. Vese que hai fascinación polo pasado.

Briana sorriulle.

O seu non era precisamente fascinación polo pasado.

Xullo de 1942

Aquel foi un dos anos do terror. A represión era tan forte, dura, cruel e xeneralizada que ter medo intenso era o máis lóxico naquelas circunstancias.

Amelia decidira fuxir coa súa neta, non sabía moi ben de onde sacara as forzas, mais alí estaba, próxima á fronteira francesa. Estaba esgotada. Podería telo tentado pola fronteira portuguesa, mais temía que alí chegasen as mensaxes delatorias.

A neniña sobreviviu a pesar de que o trato recibido nos primeiros momentos non fora o adecuado para unha criatura tan pequerrecha e acabou por milagre no seu colo no canto de ir parar ao hospicio ao que estaba destinada ao cumprir dous anos.

Nun primeiro momento levara á cativa á súa casa da vila, déralle todo o agarimo e coidados que podía procurarlle, mais entroulle medo ao decatarse das olladas que certas persoas da contorna lle dirixían e resolveu fuxir cando, indo coa cartilla de racionamento na procura da cantidade ínfima de víveres que lle tocaban, escoitou como dicían:

—Esa nena estará moito mellor cunha familia adecuada, aprenderá a ser unha muller de verdade, un anxo do fogar.

De regreso á casa meteu nun vurullo o que achou que precisaría, agardou á madrugada e botouse ao camiño sen planificar moito a viaxe, apenas unha ollada a un mapa descolorido que fora da súa filla. Camiñaba pola noite coa rapariga no colo e durmían polo día. A nena era como se soubese que debía estar caladiña, non se queixou en toda a longa viaxe e cando quería dicir algo musitaba.

Despois de varios días de viaxe afastándose de estradas e camiños concorridos Amelia decatouse de que un grupo non moi grande de persoas facía un percorrido similar, repousaban ou durmían algúns metros adiante ou atrás do lugar onde o facía ela. Tivo que arriscarse un día que a meniña estaba acalorada e tiña moita sede, achegouse para pedirlles auga e

notou como as mans de case todo o grupo se dirixía á cintura (lugar onde seguro levaban algún tipo de arma).

Unha muller que semellaba ser a líder do grupo fixo un aceno de calma.

—Levas seguíndonos varias xornadas.

—Máis ben seguimos o mesmo camiño...— aventurouse—, eu vou cara á fronteira.

Miráronse.

—Ese é o noso camiño. Vas soa coa nena?

Amelia sabía que era unha pregunta retórica. De sobra sabían a resposta.

—Eu precisaba algo de auga para a nena...

Achegáronlle unha bota e indicáronlle que podía quedar con ela ata que atopasen algún manancial. Amelia interpretou que a convidaban a seguir co grupo. Pensou na súa neta. Si, era mellor ir en compañía.

Setembro de 1939

Minia soubera que estalara a guerra a través da radio. A radio era case o único contacto sincrónico co que estaba a acontecer fóra da vila. Por desgraza tivo moita máis información directa apenas uns meses máis tarde.

Aquela vila na que nacera transformouse de súpeto. Xa non era unha vila de seráns, leda, buliciosa, colaboradora..., convertérase na vila dos silencios, das ausencias, das desconfianzas, das azueiras, das delacións, dos espolios, dos *paseos*, da dor e do temor.

Unha noite o seu home Manuel, co que casara apenas dous anos antes, tivo que fuxir sen apenas despedirse. Soubera que esa mañá levaran preso a un amigo do partido sen ningunha explicación e coidaba que el sería o seguinte.

Minia escoitou disparos durante esa noite. Imaxinou o peor. Mais soubo que non o mataran cando, días máis tarde nunha bocanoite, apareceu un grupo, que sen dirixirlle a palabra, sen consideración nin respecto irrompeu no seu fogar. Remexeron a casa, petaron en cada parede, dispararon ás táboas do chan e do teito na súa procura, avasalaron, interrogárona de malas formas e arrastrárona tentando que dixese onde estaba o seu home. No medio da dor, da furia e do medo, supúxolle un alivio saber que Manuel inda estaba vivo e libre.

Cando marcharon (non sen antes vexala, obrígala a poñerse de crequenhas, tirala ao chan, pateala e ameazala) ergueuse con dificultade apoiándose nos brazos, sentou no único

sofá que quedaba en pé e chorou de impotencia, carraxe, tristura, desazo, angustia.

Amelia, a súa nai, presentouse na casa tan pronto o soubo. Tivo que facer un enorme esforzo para non sufrir un desmaio, a visión do que lle fixeran a Minia e os estragos foi un choque. Apertouna e bicouna, chorou con ela. Non precisou preguntar, as falcatuadas cometidas nas últimas semanas eran coñecidas por moita xente da vila. Despois duns intres, axudouna a curar algunha ferida, botoulle vinagre nas mazaduras e puxéronse a ordenar o servible e a tirar o que non sería posible arranxar.

Minia obrigouse a pensar que xa se darían por conformes, que non volverían a violar a súa intimidade.

Marzo de 1968

Noela chegou á casa da súa nai na compañía de Pierre. Non sabía ben que opinaría del. Sempre lle dixera que nunca xamais namorara dun xornalista e menos se era correspondente.

Nadine fora correspondente e reporteira anos antes de que ela nacera e sabía moi ben de que falaba.

—Nunca están na casa e cando están é para facer a equipaxe de cara a un novo destino. E xa non digo nada se lles toca informar dende un lugar en conflito ou guerra.

Pasada a tensión dos primeiros intres, Nadine convidou a Pierre a sentar. Puxo un prato máis na mesa e repartiu o xantar. Decontado a conversa se fixo fluída e amena, intercambiaron experiencias e anécdotas.

Nadine falou da súa aventura estrela:

—Con preto de 25 anos fun unha das decenas de xornalistas estranxeiras na guerra civil española. Vivín en primeira persoa o drama desa guerra.

—Nunca lin nada de ningunha...

—Seguro que non, Pierre —non o deixou rematar, xa sabía que ía dicir—. Mais alí estiven, estivemos varias... Eu informei dende o 1937 e ata uns anos despois de que se declarase a vitoria do bando do ditador...

—Quedaches alí despois de 1939?

—Quedei. Ao comezo para seguir informando, remitindo crónicas sobre o sufrimento, a dor, as inxustizas, a fame..., máis tarde porque non puider saír libremente.

—Prendéronte?

Noela rematou a historia que tantas veces escoitara de pequena:

—Fuxiu cara á fronteira comigo en brazos. Cando viron a unha estranxeira cunha rapariga no seu colo deixárona pasar xunto co resto de amizades francesas. Mamá era a única que falaba español e foi a que explicou aos gardas... Contoulles que eran xornalistas, fotoperiodistas e cronistas xunto a persoal das axencias de información que regresaban á casa “coas novas da vitoria e os importantes cambios producidos...”

—Sentíronse aflagados e permitiron o paso. Tragaron a mentira sen máis?

—Sorprendentemente si —confirmou Nadine —Seguramente porque agardaban a chegada de importantes personalidades á fronteira e non querían estorbos por alí. Tivemos sorte, se investigasen algo máis verían que no grupo a maioría das persoas non eran francesas. Nin pediron a documentación de Noela...

—Xa che comentara que o meu pai era republicano?

—Si, xa me contaras... Debeu ser terrible para ti Nadine...

Outubro de 1939

Regresaron e actuaron con aleivosía e nocturnidade.

Manuel seguía fuxido e buscábano, fora concelleiro republicano na vila e era obxectivo prioritario do novo réxime, un obxectivo a eliminar ideolóxico e fisicamente. Minia decatouse de que a utilizarían sen remorsos como fórmula de coerción para que se entregase. Pregou para que el estivese ben lonxe e non o soubese.

Rexistraron reiteradamente a súa vivenda, mexeron documentos, confiscaron obxectos, esnaquizaron moitas das súas pertenzas...

Cada vez as accións, os crimes, medraban en intensidade e fixéronse acompañar de notificacións de incautación e requisitorias para que se presentase aquí ou acolá a declarar.

Xa non choraba, decidiuno durante a segunda “visita” e cumpriuno, non lles deixaría ver nin un átomo de debilidade.

Minia actuou con afouteza. Non sabía onde andaba Manuel e beiceu non sabelo, así, inda que a torturasen, non podería dicir ren.

Unha das veces que entraron na súa casa, irados por non obter a información buscada, racharon o certificado de matrimonio:

—Ese Manuel teu non é un home. Permite que che fagamos o que nos pete con tal de non

asumir o seu deber. Non precisas este papel para nada, non tes home, tes un lixo.

A fins do mes decidiron ir máis lonxe, pasar das humillacións privadas ás públicas: paseos con carteis insultantes ou semiespida, rapado de cabelo, desfiles defecando polo efecto do aceite de rícino...

Maio de 1972

Pierre e Noela visitaron a Nadine por primeira vez dende o nacemento da súa filla Briana. A nena con tan só uns días durmía docemente.

—Cando Briana medre, contarémoslle a historia de como a pasaxe que atravesa o patio interior deste e outros edificios contiguos serviu de fuxida a membros da resistencia en Lyon.

—Contarémollo, claro. Mais inda falta tempo para que poida comprender iso.

—É parte da súa historia familiar.

Nadine observaba a conversa dende a fiestra do segundo andar. Imaxinou que Noela estaba a relatar a historia que ela lle contara sobre a súa avoa. Unha historia edulcorada e a medida. Varias veces tentara dicirlle a verdade, mais no último momento arrepentíase e calaba.

—A miña avoa Marie coñecía moi ben estas pasaxes. Sempre vivira nos barrios antigos de Lyon. Facía de guía de membros da resistencia durante a guerra mundial. Un día ela e unha amiga súa conducían a dúas persoas polas angostas e complicadas pasaxes, confiáronse e ao saír foron abatidas.

—Daquela Lyon era o centro francés da resistencia, Hitler tiña aquí a sinistros personaxes ao mando.

Nadine pensou que tal vez era tempo de dicir toda a verdade. Noela era xa adulta e tiña unha filla, ambas tiñan o dereito de coñecer as súas verdadeiras orixes.

Novembro de 1939

Prendérona seguindo a orde “por cada fuxido, unha muller detida” dun xeneral sanguinario. Rematou nun cárcere improvisado, un lugar inmundo, lúgubre e ateigado, un soto habilitado para reter alí mulleres desafectas ao movemento ou familiares de persoas desafectas.

Nese lugar noxento soubo que estaba embarazada. Escribiulle á súa nai contándollo.

Amelia non podía visitala tanto como lle tería gustado, cada vez que ía debía facer unha viaxe insoportable e padecer longas fileiras

dende a madrugada para vela só uns minutos, ademais de sufrir ao vela vexada e maltratada, ao comprobar como se esmirraba día a día. A súa faciana contaba o que os seus beizos calaban.

—Quero que o nome da criatura, se nace, sexa o da miña madriña se é nena e o do seu pai se é home.

—Vai nacer e será tan forte e intelixente coma ti.

Dalgunha maneira Manuel soubo do embarazo da súa dona, prometeu entregarse se puñan a Minia en liberdade.

Maio de 1940

Non cumpriron o trato. Minia deu a luz no cárcere en condicións nulas de hixiene un día despois de recibir carta do seu home nun anaco de papel marrón, unha carta que a fixo sorrir pese ao seu dramatismo.

Miñas queridas (porque sei que será unha nena) —saudaba— e, despois de tranquilizala sobre o seu estado de saúde, de poñela en antecedentes das novas, de informala sobre as visitas recibidas e de facerlle algunhas suxestións, narroulle humoristicamente as condicións deplorables nas que vivían:

Vivo na constante compañía de Xena, unha mascota hexápoda á que lle encanta percorrer os meus cabelos e ir deixando por aí os seus ovos. Polas noites entretémonos asistindo ás carreiras de cascudas negras e poñendo trampas por se algún roedor intrépido asoma os seus bigotes, inda que ultimamente xa aprenderon que a zona de catres non é un lugar seguro se non queren acabar guisados con mondas de pataca.

—O meu Manuel, a pesar das desgrazas inda conserva o humor.

Gardou a carta coma un tesouro.

Non o sabía entón, mais sería a derradeira.

Novembro de 1941

—Mamá, gustaríame que a nena puidese saír de aquí.

—Deixarán que a leve?

—No cárcere corre o perigo de non sobrevivir á diarrea, á sarna ou a calquera outra enfermidade. Ademais teño medo de que ma rouben, vendan ou dean en adopción.

Amelia levou á nena non sen antes convencer ás autoridades do cárcere, ás monxas e a

algunha das gardas de que as aldrogas que tiña a pequena eran vinchocas en estado inicial, ademais de síntomas da sarna.

Antes de finalizar o mes comunicáronlle a Minia e a catro presas máis que as ían trasladar a outro cárcere. Nunca chegaron.

Outubro de 2007

A taxista deixou a Briana diante do hotel.

No cuarto acomodou a equipaxe e, despois dun suspiro de resignación, decidiuse a ordenar a mochila. Deixou fóra as cartas, o ordenador e a memoria USB. Botaría un ollo a toda a documentación antes de cear.

Realizou dúas chamadas telefónicas, unha á súa nai e a outra a Xulia.

—Mamá. Xa cheguei. Todo ben.

—...

—Si. Desta vez tamén me rexistraron a mochila.

—...

—Non. Non ceiei inda. Fareino nun intre. Como está papá? Inda esta a rosar?

—...

—Facíalle moita ilusión vir, pero coa perna así enxusada...

—...

—Síntoo moito por vós. Sei que vos gustaría estar aquí. Sobre todo a ti... Prometo mandar fotos e comentarvos toda a información que teña.

A Xulia non a coñecía persoalmente. Só falaran uns minutos por teléfono.

—Xulia? Son Briana.

—...

—Si. Tiven boa viaxe. Podemos vernos mañá, entón?

—...

—Pois aí estarei.

—...

—Non, non é preciso que me veñan buscar. Atoparei o sitio. Lembrará levar as chaves?

Ao día seguinte Briana dirixiuse á súa cita con Xulia. Nuns minutos estaba diante da casa, mais na porta non había ninguén agardándoa. Dispúñase a botar un ollo á fachada cando escoitou:

—Sen dúbida ti es Briana —a que se dirixía a ela era unha das tres persoas que estaba sentada nun banco do parque próximo á casa.

—Son. Vostede é Xulia?

—Xulia, son eu —dixo a máis nova das tres achegándose—. Ela é a miña nai Rosa e aquel o meu home Pepe.

—Sei que es Briana porque te asemellas moito, moito a Minia.

Briana non preguntou. Sorriu.

—Esta é a chave. Queres abrir ti? Seguro que che fai ilusión entrar engorde e observar cada detalle. Está tal como a deixou Amelia, nós só a limpabamos cada pouco, non quitamos nada e apenas engadimos o necesario para que se mantivese amañada. Amelia deixara a chave á súa irmá máis nova —a miña avoa— co encargo de coidala, cando morreu encargounos moito que nós o seguimos facendo. Como ías vir ti, esta semana démoslle unha limpadiña a fondo.

Con emoción abriu a porta, de fronte, unhas escaleiras subían ao andar superior.

—Á dereita está a cociña e o forno. No primeiro piso os cuartos e no segundo o faio. O faio é pequeniño, pero xeitoso —explicou Xulia— alí gardamos todo o procedente da casa de Minia antes de que a derrubasen.

—Esta planta do fondo das escaleiras non estaba aquí —explicou Rosa— trouxémola antonte porque lembramos que a miña nai dicía que a Amelia lle gustaban moito.

—Á esquerda está o salón— engadiu Pepe.

Briana decidiu encamiñarse ao salón. Unha fotografía presidía a estancia, amosaba a unha moza roxa de cabelos crechos e ollos vivaces á dereita dun esvelto varón louro, de cabelo liso e leda expresión.

—É...é... Minia?

—Si. Ela e o seu home Manuel o día da voda. Non te ves reflectida na foto? —Preguntoulle Rosa.

Eran como dúas pingas de auga.

—Vou tirarlle unha foto para facerlla chegar á miña nai.

—Estrañounos que non viñese...

—Quería vir e papá tamén, mais el tivo un pequeno accidente e deberá agardar a que se lle poña ben a perna. Mandareille fotos e toda a información que obteña.

—Fai o que desexes. Estás na túa casa.

—Aquele outra foto...?

—É Amelia. A foto ao seu carón é a do seu home. Amelia quedara viúva moi nova, case ao pouco tempo de ter a Minia.

—Hai tanto que quero saber. Tanto que descoñezo...

—Mira todo con calma, preguntalle a mamá o que queiras, ela agardarate aquí sentada no salón. Nós imos buscar uns cafés, logo contámosche o que sabemos.

Unha hora despois, diante de cadanseu café con pastas faláronlle da súa avoa Minia e do seu avó Manuel, da bisavoa Amelia. Rosa faloulle da guerra, da represión, dos asasinatos...

—Sábese moi pouco do acontecido neses anos, foi soterrado baixo lousas de silencio e custa desenterralo.

Briana a duras penas retiña as bágoas.

—Por que ninguén dixo nada? Como se podía gardar silencio ante tamaña crueldade?

—Había moito medo e receo. O réxime encargouse de facer saber que “calquera cousa lle podía pasar a calquera” por axudar, ter amizade, ser familiar... de persoas desafectas. Non se librou ninguén. Ao comezo pensábase que a peor parte a levaran os homes, mais non. As mulleres sufriron unha represión diferencial (escarnio, humillacións privadas e públicas, extorsión económica, violacións, violencia vicaria, torturas especificamente deseñadas para elas, asasinatos...)

Mantiveron uns segundos de silencio.

—A túa avoa Minia foi unha desas mulleres.

Briana non puido conter por máis tempo as lágrimas.

Xaneiro de 2007

Briana preparaba unha vez máis a súa equipaxe. Coma a súa avoa e o seu pai tamén era xornalista e dispúñase a partir cara ao Líbano. Unha chamada da súa nai cambiaría os seus plans.

Inesperadamente a avoa Nadine deixárala esa noite, sen dores, sen síntomas de ningunha enfermidade. Fórase en silencio, sen despedirse.

Días despois do funeral, Pierre, Noela e Briana foron recoller as cousas da avoa. Na gabeta superior da súa cómoda, dentro da caixa das alfaias atoparon un sobre grande cunha única indicación: *Noela, miña nena*.

O sobre contiña outros sobres máis pequenos numerados e unha misiva:

Querida filla,

Tentei sempre dicircho, mais nunca fun quen. Ao principio por non magoarte, despois

por covardía. Canto máis tempo pasaba, máis complicado se me facía todo.

Durante anos fun gardando todos os datos e ordenándoos, para que, chegado o momento, puideses coñecer toda a verdade.

Inda que din que nos parecemos, eu non son a túa nai biolóxica. Chegaches a min por casualidade. A túa avoa (non Marie), a túa auténtica avoa tiña os brazos doidos de levarte por tanto tempo no colo, eu ofrecínme a levarte e aí comezou todo. Cando te sentín...

—Mamá... Non pode ser... —Interrompeu Briana.

Noela non reaccionaba.

—Dáme —dixo Pierre—. Seguirei lendo eu.

Cando te sentín preto de min encariñeime decontado. Foi providencial que te collese, puidemos pasar sen problemas a fronteira. Se te tivese levado a túa avoa seguro que os gardas nos pararían.

Ofrecínlle á túa avoa a miña casa, ela non coñecía a ninguén en Francia, aceptou e viaxou comigo ata Lyon. A miña nai Marie e máis ela fixeron moi boas migas... O caso é que quedastes moito máis tempo do previsto na casa. Xa sabes o do episodio da pasaxe, foi real, alí morreron a túa avoa adoptiva Marie e a túa avoa real Amelia. Non tiñas a ninguén máis, quedei contigo. Non foi difícil nesa época tan confusa obter a certificación de nacemento que coñeces.

Nos sobres atoparás ordenada toda a información da que dispoño.

Quérote moito.

Nadine

Noela quedou muda. Estaba abraida, ferida. Pierre e Briana tíñana abrazada.

—Abramos o resto. Dixo decidida.

Nun sobre estaban os seus documentos reais e os da súa avoa Amelia.

—Minia, esa era a miña nai verdadeira. Manuel, o meu pai.

—Onde están? Por que te levaba a túa avoa?

Un segundo sobre contiña unha carta manuscrita de Amelia para a súa “netiña” onde lle contaba o acontecido dende o seu nacemento e falaba da última carta do seu pai, carta que a súa nai levaba sempre consigo.

—Polo menos si era verdade que o meu pai era republicano.

Nun terceiro sobre atoparon información sobre a casa da vila e de como a súa irmá

pequena quedara ao coidado dela. O resto eran cartas que remitían dende España, ao comezo destinadas a Amelia, mais despois dirixidas a Nadine.

—Polo que se ve, só me mentiu a min...

—Non só. Decátaste de que as cartas non viñan dirixidas a este enderezo?

Pierre e Briana pensaron que Noela tardaría en recuperarse dese choque, mais equivocáronse. Unha semana despois díxolles:

—Imos contactar con Galicia. Quero coñecer as miñas orixes, as nosas orixes.

Outubro de 2007

—Despois de que recibiramos a carta da túa nai co seu número de teléfono, chamamos de inmediato. Tiñamos certo medo por se non vos entendiamos, pero xa vimos que vos manexades ben no noso idioma.

—Iso a avoa... —interrompeuse— Nadine, fíxoo moi ben. —Cambiou de tema— Cando comezaron as escavacións? Como pensan que pode estar aí soterrada a avoa Minia?

Pepe explicoulle que chegaran datos de que un foxo preto da carballeira onde tiñan o cárcere de mulleres podía conter corpos de vítimas, membros da asociación para a recuperación da memoria histórica estiveran facendo investigacións coa xente maior dos arredores.

—Matarianas tan preto do cárcere?

—Calquera sabe! Mais é probable... Esta tarde retirarán outra capa de terra con moito coidado. Nós iremos. Se te sentes con forza...

—Irei!

Xulia e Pepe recollérona pola tarde. Rosa non se sentiu con forzas para ir, vira algunha reportaxe na tele e sabía que era moi duro.

No lugar había varias persoas, persoas de todas as idades. Algunhas con carteis:

“Hai que visibilizar”, “Recuperemos a memoria”, “Se esta xeración garda silencio, a seguinte descoñecerá a verdade”, “Saber é evitar que se repita”...

Ninguén falaba, todos os ollos estaban fixos nas mans do equipo técnico que escavaba.

Briana achegouse, ansiosa agardaba onda o burato que abriran. De súpeto a punta dunha falanxe fixo que todas as gorxas soltasen unha exclamación.

A exhumación durou varios días. O móbil de Briana e o ordenador non pararon de mandar información á casa.

Atoparon restos de varias persoas represaliadas e documentouse a crueldade das execucións (múltiples signos de violencia no cráneo, nas pernas, na caixa torácica...). Un dos corpos levaba un vestido azul cun enorme peto, a vítima tiña a súa man esquerda nel. Suxeitaba un papel, unha carta que comezaba:

Miñas queridas (porque sei que será unha nena)...

Briana soubo que atoparan o corpo da súa avoa Minia. Por uns minutos tivo aquela carta nas súas mans. Sorriu ao ler aquela mensaxe xusto antes de que decenas de bágoas indefinibles esvarasen polas súas meixelas.

Estaba segura de que nalgún momento atoparían o do seu avó Manuel e poderían soterralos xuntos.